



### CONCELLOS

#### CERVO

##### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 30 de decembro de 2024, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de novembro de 2024 das liquidacións da Taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar e da Piscina Municipal, así como, o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 5º bimestre de 2024 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 9 de xaneiro ao 11 de marzo de 2025. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 30 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 0020

### LUGO

##### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de decembro de 2024 adoptou o acordo 8/548 RESOLUCIÓN DA PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE MEDIANTE LIBRE DESIGNACIÓN cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 148 do 27 de xuño de 2024 (DOG nº 149, de 2 de agosto de 2024 e no BOE nº 198 de 16 de agosto de 2024) sendo a parte dispositiva do mencionado acordo do seguinte teor literal:

“PRIMEIRO.- Resolver a convocatoria do posto de Xefe/a do Servizo de Medio Ambiente do Excmo. Concello de Lugo en favor de don Miguel Ángel Negral Fernández mediante libre designación.

SEGUNDO.- O prazo para tomar posesión será de tres días hábiles se non implica cambio de residencia do funcionario, ou de un mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión computarase a partir do día seguinte ao do cese, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución da adxudicación do posto por libre designación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde dita publicación.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos candidatos que optaron ao posto e ao candidato elixido, a cal pon fin á vía administrativa e contra a que, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderase interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

CUARTO.- Publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Lugo, 3 de xaneiro de 2025.- Alcaldesa-Presidenta, Excm. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.

R. 0021

### Anuncio

#### DECRETO

**Excm. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Instruído expediente en relación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza estrutural de celador/a CEIP reservada a discapacidade incurso no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021 polo sistema de concurso oposición e tendo en conta os seguintes:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 4 de maio de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 11/252 APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 2 de novembro de 2022 adoptou o acordo 6/637 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022 DO CONCELLO DE LUGO CORRESPONDENTE A UNHA PRAZA ESTRUCTURAL DE CELADOR CEIP RESERVADA A DISCAPACIDADE INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN.

- Polo Decreto Nº 10699/2022 do 08/11/2022 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza ESTRUCTURAL DE CELADOR/A CEIP RESERVADA A DISCAPACIDADE INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo 6/637 Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 02.11.2022.

Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 270 do 25 de novembro de 2022 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» núm. 236, de 14 de decembro de 2022. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 311, do 28 de decembro de 2022.

- Con data do 26 de xaneiro de 2023 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024 adoptou o acordo 7/90 MODIFICACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE CELADOR/A CEIP PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONCURSO-OPOSICIÓN/ LIBRE RESERVADA A DISCAPACIDADE (ARTIGO 2.1 LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL OEP 2022), APROBADAS POR ACORDO 6/637 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO O 2 DE NOVEMBRO DE 2022,

Dito acordo foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 086 do 13 de abril de 2024 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» núm. 99 do 23 de maio de 2024 e no “Boletín Oficial do Estado” núm. 133 do 1 de xuño de 2024.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 13 de novembro de 2024 adoptou o acordo 8/491 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE CELADOR/A CEIP RESERVADA A DISCAPACIDADE INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

- Polo Decreto Nº: 10993/2024 do 19/11/2024 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 10699/2022 do 08/11/2022 para o acceso en propiedade a unha praza de CELADOR/A CEIP RESERVADA A DISCAPACIDADE INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN.

O dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 271 do 23 de novembro de 2024

- Con data do 9 de decembro de 2024 rematou o prazo de presentación de enmendas, sen ter recibido ningún escrito de alegación nin enmenda de solicitude.

-Informe proposta do Servizo de Persoal de data 2 de xaneiro de 2025.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 270 do 25 de novembro de 2022 foi publicado o Decreto Nº 10699/2022 do 08/11/2022 polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de CELADOR/A CEIP RESERVADA A DISCAPACIDADE INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo 6/637 Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 02.11.2022, figurando na base 6º LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE VALORACIÓN DOS MÉRITOS E CELEBRACIÓN DAS PROBAS:

*“6.1 Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Concelleira Delegada ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a relación nominal dos membros que compoñerán o Tribunal Cualificador. Aqueles que no prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito a ser admitidos, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo.*

*6.2. Logo de rematado o dito prazo, a Concelleira Delegada aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e determinará o lugar, a data e hora da valoración dos méritos, o cal se publicará na web e no taboleiro de anuncios do Concello.*

*Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina WEB do Concello de Lugo.”*

**Segundo.-** No Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 271 do 23 de novembro de 2024 foi publicado o Decreto Nº Nº: 10993/2024 do 19/11/2024 polo que se resolveu aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 10699/2022 do 08/11/2022 para o acceso en propiedade a unha praza de CELADOR/A CEIP RESERVADA A DISCAPACIDADE INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN.

O dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 271 do 23 de novembro de 2024

Con data do 9 de decembro de 2024 rematou o prazo de presentación de enmendas, sen ter recibido ningún escrito de alegación nin enmenda de solicitude.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Tendo en conta o anteriormente exposto e en base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284 de 19 de xuño de 2024, propónse para a súa adopción pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta a seguinte **RESOLUCIÓN:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 10699/2022 do 08/11/2022 para o acceso en propiedade a unha praza de CELADOR/A CEIP RESERVADA A DISCAPACIDADE INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS :

Apelidos e nome	DNI
DE FRUTOS DEL RIO, MIGUEL	***3544**
FERNANDEZ COYA, MARIA MERCEDES	***3669**
OURO PLATERO, IVAN PABLO	***4337**
SAL REIJA, MARIA PILAR	***5940**

EXCLUÍDOS/AS :

Apelidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
CASAS REIGOSA, ISMAEL	***4103**	A solicitude non se axusta ao modelo que figura nas Bases Específicas (Anexo I)

**Segundo.-** Fixar a data, hora e lugar para a valoración de méritos e realización do primeiro exercicio do mencionado proceso selectivo do seguinte xeito:

Data: 13 de xaneiro de 2025

Hora: 12 horas

Lugar: Edificio de novas Tecnoloxías, sito na Praza Anxo Fernández Gómez, s/n.

Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

**Terceiro.-** Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 3 de xaneiro de 2025.- Alcaldesa-Presidenta, Excma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.

R. 0022

## MEIRA

### Anuncio

#### CONTRATACIÓN LABORAL FIXA DE PERSOAS TRABALLADORAS DERIVADA DA EXECUCIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS DA OFERTA EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO ANO 2022

Rematados os procesos selectivos da OEP extraordinaria de estabilización do Concello de Meira do ano 2022 faise público a contratación laboral fixa das seguintes persoas traballadoras que se relacionan a continuación:

TRABALLADOR/A	DNI	PRAZA	XORNADA
VIDAL VILLAR, Montserrat	***192**	Encargada de biblioteca	Completa
FERNÁNDEZ CARBALLAL, María Celia	***744**	Auxiliar de información xuvenil	Completa
BELLO PORTELA, Armandina	***403**	Limpeza de edificios municipais	Completa
FERNÁNDEZ OTERO, Tania	***423**	Limpeza de edificios municipais	Completa
JARTÍN SALGADO, María Yoani	***485**	Técnico de turismo	Completa
DAPEREIRA PORTELA, María Luisa	***732**	Profesor/a da escola de música	Completa
GARCÍA CANTO, Francisco Javier	***458**	Profesor/a da escola de música	Completa
VILLAMOR GAY, Bruno	***367**	Profesor/a da escola de música	Parcial
CASTRO RODRÍGUEZ, Antonio	***340**	Oficial de servizos varios	Completa
BASANTA CARTEA, Luís	***366**	Oficial de servizos varios	Completa

VIDAL GONZÁLEZ, Lucía	***117**	Persoal de limpeza de edificios municipais	Completa
DEL RIO OTERO, Alfonso	***384**	Profesor/a da escola de música	Parcial
SABORIDO ROCA, M <sup>a</sup> Carmen	***425**	Profesor/a da escola de música	Parcial

Meira, 3 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Antonio De Dios Álvarez.

R. 0023

## MONTERROSO

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 3 de xaneiro de 2025, número 2025-0003 , aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2024, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 1 de xaneiro ao 22 de febreiro de 2025.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 3 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 0024

## SAMOS

### *Anuncio*

#### **EXP 483/2024**

#### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 299 do 31 de decembro publicouse a convocatoria e Bases Xerais e Específicas dos procesos de estabilización do emprego temporal do Concello de Samos, correspondentes á Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal (Art.2 Lei 20/2021, de 28 de decembro), incluídasna oferta de emprego público de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº29 de data 4 de febreiro de 2023 se publicou a corrección de erros das Bases por Decreto de Alcaldía nº 2023-0007 en data 24 de xaneiro de 2023.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 112 de data 18 de maio de 2023, se publicou a corrección de erros das Bases por Decreto de Alcaldía nº2023-0062 de data 10 de maio de 2023.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia nº 131 de data 7 de xuño de 2024 se publicou a modificación das Bases según Decreto de Alcaldía nº2024-0097 de data 30 de maio de 2024, entre a que se atopa a praza Alguacil-Porteiro.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia, número 214 de 6 de novembro, publicouse anuncio da convocatoria dos procesos selectivos para cubrir prazas de estabilización de emprego temporal incluídasna oferta de emprego público de 2022

Resultando que no BOE nº 259 de data 26 de outubro de 2024, publícase a convocatoria para prover varias prazas, sendo esta data de publicación a que serviu para computar o prazo de presentación de solicitudes (vinte días naturais contados a partir do seguinte á referida data).

Vista a Acta da reunión do Tribunal cualificadornomeado para levar a cabo o Procedemento selectivo estabilización 1 Alguacil-porteiro/a persoal funcionario publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Samos en data 13/12/2024, segundo a cal se propón á seguinte persoa:

**Praza Alguacil-Porteiro: ALBA MARÍA ÁLVAREZ VERGARA con DNI \*\*\*662\*\*\***

Tendo en conta que a aspirante seleccionada presentou a documentación en tempo e forma que se requería na base 9.2 das bases xerais.

De conformidade co disposto na base 10.1, e de conformidade co disposto no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.**-Finalizar o procedemento selectivo acordando nomear a **Dª ALBA MARÍA ÁLVAREZ VERGARA con DNI \*\*\*662\*\*\*** como funcionario de carreira na praza de Alguacil-Porteiro, na Escala da Administración Xeral, Agrupación profesional de persoal funcionario.

O prazo da toma de posesión será de 15 días naturais a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia. No caso de persoal funcionario interino ou eventual, a toma de posesión producirase ao día seguinte ao nomeamento; de conformidade co disposto no artigo 114.12 en consonancia coa Disposición Transitoria 4ª do Real Decreto-Ley 6/2023, de 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenazgo.

**SEGUNDO.**-Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como na sede electrónica do Concello de Samos.

**TERCEIRO.**- Notificar a presente Resolución á interesada, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao Departamento de Intervención e Tesourería.

Mándao e asíno en Samos (Lugo) o día da sinatura electrónica que se indica namarxe da presente, ante mín, o Secretario accidental.

Samos, 3 de xaneiro de 2025.- A ALCALDESA, María Jesús López López. O SECRETARIO ACCIDENTAL, José Luis López Moure.

R. 0025